



25 de novembro PROPOSTA DE ACTIVIDADE PARA SECUNDARIA

Para realizar por exemplo na hora de titoría presencial.

Trátase de traballar en torno a tres aspectos da violencia de xénero, por unha parte as causas desta violencia (machismo, tratamento da muller como obxecto na sociedade, concepto do amor como posesión, etc.), por outra parte as consecuencias (lesións, mortes, medo, nenos e nenas que medran neste ambiente, etc.) e por último saídas que existen a esta situación (denuncias, educación, protección social, etc.)

Buscamos fotos, frases, poemas, documentos, etc., relacionados coa violencia de xénero, que visualicen os tres aspectos que indicamos antes: causas, consecuencias e saídas a esta situación. En parellas ou pequenos grupos faise un primeiro traballo de busca, procurando que cada grupo atope algo referido a cada un dos aspectos. Despois de seleccionar o que lles pareza máis interesante poñeranse en común para toda a aula, explicando por que se elixiron.

Pódese votar cales gustan máis co fin de facer un mural na aula ou nos corredores do centro. Tamén para colocar nos carteis pendurados nos **25 lazos contra a violencia de xénero** se realizamos esta actividade.

OPCIÓN A: Facer a busca en Internet. Aportar palabras clave para atopar diferentes páxinas: feminismo, casas de acollida, maltrato, discriminación, etc.

OPCIÓN B: Aportar cadaquen na aula unha revista ou xornal, o profesorado aportará tamén, sobre todo para asegurar a variedade de fontes, e facer do mesmo xeito a busca neste material impreso.

Secretaría da muller do STEG